



## Concello de Cuntis

# CONCURSO DE ENTROIDO 2 DE MARZO DE 2025

### BASES

#### Primeiro.- OBXECTO

O obxecto destas bases é regular o **Desfile e Concurso de Entroido** que se celebrará en Cuntis o **domingo 2 de marzo de 2025** a partir das 11:00h.

#### Segundo.- CATEGORÍAS

Este concurso consta das seguintes categorías:

- a. **Comparsa**: deberán estar formadas por un mínimo de vinte persoas.
- b. **Grupo**: deberán estar formadas por un mínimo dez e un máximo de dezanove persoas.
- c. **Parella**: deberán estar formadas por dúas persoas.
- d. **Individual**: unha única persoa.
- e. **Carroza**

#### Terceiro.- NORMAS E CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN

- a) A inscrición nunha categoría distinta á que correspondería segundo o número de persoas participantes, podería ser motivo de expulsión do concurso.
- b) Cada participante ou agrupación deberá inscribirse nunha das categorías descritas no punto anterior, só se admitirán 2 categorías por inscrición se unha delas é a de "carroza".
- c) As medidas das carrozas non poderán ser superiores a: alto-4 m. / ancho-3,90 m. / largo-9 m.
- d) Non se admite a presenza de animais no desfile.
- e) En caso de que as inclemencias meteorolóxicas non permitan a saída do desfile, este quedará cancelado.

#### Cuarto.- PERCORRIDO

O desfile partirá do Pavillón Municipal para continuar por: rúa Pedro Campos, Circunvalación Don Aurelio – rúa da Presiña – rúa do Balneario – rúa Bernardo Sagasta – Circunvalación Don Aurelio – Pavillón Municipal.

#### Quinto.- INSCRICIÓNS E PRAZOS





## Concello de Cuntis

O **prazo de inscrición** comeza coa aprobación e publicación destas bases e remata o día 28 de febreiro de 2025 ás 13:30 horas. As inscricións (ANEXO I), xunto coa declaración responsable (ANEXO II), poderán presentarse no Rexistro do concello (en horario de 9:00h a 13:30h) ou a través da Sede Electrónica (<https://concellodecuntis.sedelectronica.gal/info.0>). O modelo de inscrición estará dispoñible solicitándoo no correo [omix@concellodecuntis.es](mailto:omix@concellodecuntis.es), na páxina web do concello ([www.concellodecuntis.org](http://www.concellodecuntis.org)) ou na Sede electrónica.

No caso de ser **asociación legalmente constituída**, a inscrición, previamente asinada, **unicamente** se poderá entregar a través da **Sede Electrónica** (<https://concellodecuntis.sedelectronica.gal/info.0>) e deberase aportar tamén a seguinte documentación: copia do CIF, nomeamento da Xunta Directiva, copia do DNI da persoa representante, declaración responsable (ANEXO II).

### Sexto.- PREMIOS

Os premios para as distintas categorías son:

CATEGORÍAS	1º	2º	3º	4º
COMPARSAS	500	400	300	200
GRUPOS	250	200	150	100
PARELLAS	110	80	65	50
INDIVIDUAIS	75	60	40	20
CARROZAS	400			

O importe máximo dos premios a repartir, anteriormente referidos, será de 3.000,00 €

O **acto de entrega de premios** realizarase na praza da Constitución, despois do desfile, unha vez rematada a deliberación do Xurado. O importe do premio será entregado ás persoas gañadoras por medio de transferencia bancaria, previo envío do número de conta por parte destas.

*(De acordo co establecido na Disposición Adicional 101.7 e da Disposición Adicional 31ª.3.d, polo que se aproba o Regulamento do I.R.P.F. será obxecto de retención do 19% do premio concedido cando exceda da cantidade de 300,00 €. Non obstante, as asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas e con CIF propio, no serán obxecto desta retención ao non ser persoas físicas.)*

### Sétimo.- XURADO

O Xurado darase a coñecer antes da celebración de dito Desfile-Concurso. O fallo do xurado será inapelable e publicarse unha vez finalizado o desfile.

### Oitavo.- CRITERIOS DE VALORACIÓN





## Concello de Cuntis

O xurado terá en conta os seguintes criterios para emitir o seu veredicto, sendo 1 a valoración máis baixa e 5 a máis alta:

MÚSICA E COREOGRAFÍA	1 - 2 - 3 - 4 - 5
DESEÑO	1 - 2 - 3 - 4 - 5
CONFECIÓN	1 - 2 - 3 - 4 - 5
ORIXINALIDADE	1 - 2 - 3 - 4 - 5
ANIMACIÓN E SIMPATÍA	1 - 2 - 3 - 4 - 5

### Noveno. PUBLICIDADE

As presentes bases publicaranse no taboeiro de anuncios electrónico da sede electrónica municipal (<https://concellodecuntis.sedelectronica.es/>), na páxina web [www.concellodecuntis.org](http://www.concellodecuntis.org), nas redes sociais do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, as solicitudes e as presentes bases poderán descargarse na páxina web ou na Sede Electrónica do Concello, solicitalas ao correo [omix@concellodecuntis](mailto:omix@concellodecuntis) ou no número 687497591, en horario de luns a venres de 9:00 h. a 13:30 h.

### Décimo. PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 relativo á protección dos datos persoais das persoas físicas (RGPD) e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, vostede dá o seu consentimento para o tratamento dos datos persoais achegados a través desta Inscripción. Ditos datos serán recollidos coa única finalidade de participar no concurso, serán propiedade do Concello de Cuntis e non poderán serlles comunicados nin cedidos a terceiras persoas.

As persoas participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento, de conformidade co establecido na lexislación vixente, dirixíndose por escrito ao Sr. Alcalde do Concello de Cuntis, entidade responsable dos ficheiros, no seguinte enderezo: Praza da Constitución nº 4, 36670 Cuntis (Pontevedra).

**A participación no concurso suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.**

**O Concello de Cuntis resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento do concurso.**





## Concello de Cuntis

**Para máis información: 986 53 36 00 / 687 497 591**  
***omix@concellodecuntis.es - [www.concellodecuntis.org](http://www.concellodecuntis.org)***

### **ANEXO I** **INSCRIPCIÓN**

NOME DA AGRUPACIÓN (de ser o caso): .....C.I.F.....

TÍTULO do disface: .....

PERSONA REPRESENTANTE:

D/Dª .....D.N.I.....

TELÉFONO/S: ..... / .....

Correo-e: .....

ENDEREZO: ..... C.P. .... LOCALIDADE.....

Nº COMPOÑENTES: ..... TIPO: (1) .....

(se se acompaña carroza especificar medidas: alto ..... ancho ..... largo.....)

MÚSICA: (2) .....

COREOGRAFÍA: (3) .....

REPRESENTAN (4) .....

VESTIMENTA: (5) .....

OBSERVACIÓNS: (6) .....

NOTAS:

- (1).- Comparsa, grupo, parella, individual e/ou carroza.
- (2).- Gravada ou con instrumentos (especificar cantos e cales).
- (3).- Explicar que se quere facer, no caso que se preparara.
- (4).- Explicar o que representa o conxunto, no caso que así se prevexa.
- (5).- Explicar os materiais que se usan e a súa confección.
- (6).- Facer constar neste apartado todo aquilo que non se prevé na presente ficha e que se considere importante para poder apreciar mellor a aportación que se fai.

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 relativo á protección dos datos persoais das persoas físicas (RGPD) e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, vostede dá o seu consentimento para o tratamento dos datos persoais achegados a través desta Inscripción. Ditos datos serán recollidos coa única finalidade de participar no concurso, serán propiedade do Concello de Cuntis e non poderán serlles comunicados nin cedidos a terceiras persoas.

Coñezo e estou conforme coas Bases deste Concurso,

Cuntis, ..... de ..... de 2025.





## Concello de Cuntis

---

**Asdo.**

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CUNTIS**

### ***ANEXO II*** ***DECLARACIÓN XURADA***

D./D<sup>a</sup>.: \_\_\_\_\_ Con NIF: \_\_\_\_\_

Domicilio (completo) \_\_\_\_\_

En representación de \_\_\_\_\_ con

CIF: \_\_\_\_\_ e Domicilio (completo): \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

En relación coas Bases do Concurso do Entroido do Concello de Cuntis para o ano 2025,

DECLARO RESPONSABLEMENTE: Que cumpro/que a miña representada cumpre cos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non incorro en ningunha das causas legais de prohibición para obter a condición de beneficiario/a.

DECLARO RESPONSABLEMENTE: que estou/ que a miña representada se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Asinado:

DOCUMENTACIÓN QUE SE APORTA (se é o caso):

- copia do CIF
- Nomeamento da Xunta Directiva
- Copia do DNI da persoa representante

